



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NA AUTOMOCIÓN

MEDIDAS PREVIAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE



PERSONAS SENSIBLES

O **servizo de prevención de riscos laborais** deberá **identificar e valorar** as medidas para o persoal especialmente sensible.



FEBRE

Non ir traballar con febre (> 37°) ou síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha **persoa infectada**.



INFORMACIÓN

Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria ante o coronavirus.



DESPRAZAMENTO

Mellor individual, se non só unha persoa por fila. No transporte **colectivo** ou compartido **precísase o uso de máscara**.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



DISTANCIA

Manter 2 metros de seguridade e evitar as actividades grupais.



ESPAZOS REDUCIDOS

Evitar coincidir en espazos pequenos como vestiarios, comedores e zonas de aseos.



CONTROL DE ACCESO

Reorganizar os accesos aos vestiarios e aos postos de maneira **unidireccional**. Fixar horarios e zonas para provedores e clientes.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións hidroalcohólicas. Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.



MATERIAL DE LIMPEZA

Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Dispoñer de contedores con tapa e pedal.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.



LIMPEZA DE ESPAZOS

Limpar e desinfectar as superficies e útiles de traballo tras cada quenda e cando se producen cambios entre o persoal.



VENTILACIÓN NA NAVE

Ventilar con **máis frecuencia** e reforzar o **mantemento** dos sistemas de ventilación.



MÁSCARAS

O uso de **máscaras** é necesario **no transporte público ou compartido**, cando a distancia de seguridade sexa menor a 2 metros, ou cando así o valore o servizo de prevención.



FERRAMENTAS/VEHÍCULOS

As ferramentas, equipos de traballo e os vehículos deberán **hixienizarse tras cada uso**.



COMIDA

Evitar compartir comida, bebida, ferramentas e outros obxectos.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



DIFUNDIR RECOMENDACIÓNS

Comunicar as medidas preventivas adoptadas a outras empresas e autónomos.



ESTABLECER QUENDAS

Limitar o **aforo máximo** de traballadores nos talleres, se non **establecer quendas**.



LIMITAR AS TAREFAS QUE IMPLIQUEN CONTACTO

entre o persoal concorrente.



PREVENCIÓN DO ESTRÉS

Dar pautas de actuación ante posibles situacións de **estrés laboral**.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña

981 182 329

issga.coruna@xunta.gal

Lugo

982 294 300

issga.lugo@xunta.gal

Ourense

988 386 395

issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra

886 218 101

issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago

881 999 332

issga@xunta.gal